



ACTA Nº 2021/12

Sesión ordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do concello, venres 29 de outubro de 2021

No día de hoxe, ás 09:08 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez (PSdeG-PSOE)

ASISTEN:

PSdeG-PSOE

D. Victor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

ADIANTE VIMIANZO

D.^a Marta Rey Lema

D. Eugenio Vidal Quintáns

D.^a María Jesus Barbeira Pose

D. Francisco Javier Trillo Pazos

D. Manuel Lorenzo Hermida

PP

D.^a Raquel Rodríguez Amigo

D. Francisco M. Calzas Suárez

AUSENCIAS:

NINGUNA

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:



D. Francisco Fernández Armada

Asisten telemáticamente tódolos membros da corporación excepto os pertencentes ao grupo político do PsdeG-PSOE e o concelleiro do grupo político Adiante Vimianzo, D. Manuel Lorenzo Hermida. Os concelleiros do PsdeG-PSOE, D.^a Rosa Blanco Lema e Mario Andujar Mouzo asisten telematicamente.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 24 de setembro de 2021.
2. Ditame sobre a aprobación da transferencia de crédito 2021/TC/1 (Exp. Núm.2021/T002/000014).
3. Ditame sobre aprobación da modificación de crédito na modalidade suplemento de crédito/crédito extraordinario 2021/SC/02-2021/CE/03 (Exp. Núm.2021/T002/000018).

B) Sección de control

4. Dación de conta de acordos da Xunta de Goberno Local sobre asuntos delegados polo Pleno.
 - 4.1. Dación de conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/10/2021 sobre a adjudicación do contrato de servizo de axuda no fogar do concello de Vimianzo. Exp. 2021/C004/000002.
5. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.
6. Mocións de urxencia.
7. Rogos e preguntas.

Comeza o debate e votación da orde do día.

A) Sección resolutiva



1. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 24 de setembro de 2021.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

D.^a Marta Rey alega que no turno de rogos e preguntas hai que corrixir a denominación da parroquia de Piroga xa que pon Pirolla.

Queda constancia para a súa corrección e apróbbase a acta do pleno ordinario celebrado o 24 de setembro de 2021.

2. Ditame sobre a aprobación da transferencia de crédito 2021/TC/1 (Exp. Núm.2021/T002/000014).

Polo secretario xeral dáse lectura ao ditame da Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos do 26 de outubro de 2021, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre a aprobación da transferencia de crédito 2021/TC/1 (Exp. Núm.2021/T002/000014).

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 15 de outubro de 2021, que se transcribe literalmente:

**"EXPEDIENTE NÚM. 2021/T002/000014
EXPEDINETE 2021/TC/1**

ASUNTO: TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito suficiente no vixente Orzamento da Corporación e dado que se dispón de crédito noutras aplicacións do presuposto vixente para o ano 2021 prorrogado do ano 2019, faise preciso a modificación de créditos consistente nunha transferencia de crédito.

Visto o informe de Intervención, e de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldesa propón a adopción do seguinte acordo, que elevarase o Pleno previo informe da Comisión de Contas:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 2021/TC/1, modalidade transferencia de crédito, por importe total de **20.384,20€**, co seguinte detalle:



- Achega para financiar a mensuralidade do mes de decembro do contrato administrativo para xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, comedor e lavandería sobre rodas, escola municipal infantil e centro de día.

I. Aplicación orzamentaria cuxo crédito se minora na área de gasto 3:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
A		
337.22610	Inst. Tempo libre. Festas dos maiores.	20.384,20
TOTAL		20.384,20

II. Aplicación orzamentaria cuxo crédito se incrementa na área de gasto 2:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
231.47200	Asistencia social primaria	20.384,20
TOTAL		20.384,20

Segundo.- Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez”

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Contas, facenda e orzamento, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, 3 abstencións (2 de Adiante de Vimianzo e dun PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

O Intevntor explica brevemente a finalidade da transferencia.

A Alcaldesa- Presidenta traslada que é preciso engadir este importe para poder pechar o exercicio quitándoo da festa dos maiores que non se celebrará dadas as circunstancias actuais.

Dna. Raquel Rodríguez dí que é fundamental facer un orzamento pero mentres se hai que cubrir gastos é necesario facer esta modificación.



Dna. Marta Rey manifesta o seu acordo co expediente.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

3. Ditame sobre aprobación da modificación de crédito na modalidade suplemento de crédito/credito extraordinario 2021/SC/02-2021/CE/03 (Exp. Núm.2021/T002/000018).

Polo secretario xeral dáse lectura ao ditame da Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos do 26 de outubro de 2021, que se reproduce a continuación:

“2. Proposta de ditame sobre a aprobación da modificación de crédito modalidade suplemento de crédito/credito extraordinario 2021/SC/02-2021/CE/03 (Exp.núm.2021/T002/000018).

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 21 de outubro de 2021, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: EXPEDIENTE NÚM. 2021/SC/02, 2021/CE/03 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CREDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LIQUIDADO DE TESOURERÍA

EXPTE TEDEC: 2020/T002/000018

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación e dado que se dispón de remanente líquido de Tesouraría segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, faise preciso a modificación de créditos concesión dun suplemento de crédito, 2021/SC/02, 2021/CE/03

Visto que o informe de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 2021/SC/02, 2021/CE/03 modalidade de suplemento de crédito, por importe total de 518.400 €, co seguinte detalle:

- Dotar crédito o capítulo dous do presuposto para facer fronte o gasto corrente que se prevé ata a finalización do exercizo coa especificación sinalada nesta memoria.
- Dotar crédito para a instalación de parque infantil na parroquia de Carnés
- Dotar crédito para a reforma e acondicionamento dos baños da escola de Carantoña



- Dotar crédito para a reforma dos antigos vestiarios do campo de fútbol.
- Dotar crédito para a mellora na estrada do núcleo da Bouza.
- Dotar crédito para facer fronte os gastos derivados do abandono de animais no Concello.

Orzamento de gastos:

Aplicación	Descrición	Importe
135.22699	Protección civil. Outros gastos diversos	30.000,00
151.22699	Urbanismo. Outros gastos diversos	50.000,00
1532.22699	Pavimentación de vías públicas. Outros gastos diversos	50.000,00
160.22699	Alcantarillado. Outros gastos diversos	50.000,00
161.22699	Abastec. domic. de auga. Outros gastos diversos	40.000,00
1621.22699	Recollida de residuos. Outros gastos diversos	30.000,00
165.22699	Alumbrado público. Outros gastos diversos	50.000,00
171.609	Parques y jardines. Outras .inv.infr y b uso gral	48.400,00
TOTAL		348.400,00

Aplicación	Descrición	Importe
323.619	Funcionamento centros docentes. Outras .inv reposición infraes	15.000€
342.619	Instalaciones deportivas. Outras .inv reposición infraes	75.000€
TOTAL		90.000€

Aplicación	Descrición	Importe
453.619	Carreteras. Outras .inv reposición infraes	60.000,00€
TOTAL		60.000,00€

Aplicación	Descrición	Importe
920.22199	Administración xeral. Outros gastos diversos	20.000€
TOTAL		20.000€

Orzamento de ingresos:

Aplicación	Descrición	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais	518.400€
TOTAL		518.400€

Segundo.- Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase



definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordoñez”

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Contas, facenda e orzamento, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, 3 abstencións (2 de Adiante de Vimianzo e dun PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

O Inteventor explica brevemente a finalidade da transferencia.

A Alcaldesa- Presidenta traslada un somero resumen sobre o suplemento e afirma compartir a necesidade dun orzamento adaptado á realidade de Vimianzo pero hai que ir adaptando o orzamento prorrogado namentres. Asemade se refire á construción do parque infantil de Carnés, á Escola Infantil de Carantoña como prioritarios, os vestuarios da instalación do campo de fútbol, núcleo de Bouza, a recollida de animais...

Dna. Raquel Rodríguez dí que apoia tódalas obras que se fagan e agradece que se tivera en conta a súa proposta sobre Carnés.

Dna. Marta Rey confirma á necesidade de facer un novo orzamento xa que estamos co do ano 2018 prorrogado, aínda así apela á utilización do RLT.

A Alcaldesa- Presidenta expresa que non se pode presumir de ter moito RLT e logo ter carencias importantes e non olvidar que o noso concello e moi grande e ten moitos núcleos. Conclúe agradecendo a vontade e axuda para seguir facendo.

Pásase á votación do asunto que e aprobado por voto favorable da UNANIMIDADE dos presentes.

B) Sección de control

4. Dación de conta de acordos da Xunta de Goberno Local sobre asuntos delegados polo Pleno.

4.1. Dación de conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/10/2021 sobre a adxudicación do contrato de servizo de axuda no fogar do concello de Vimianzo. Exp. 2021/C004/000002.

Dáse conta de forma expresa do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do 20 de outubro de 2021, por delegación do Pleno da Corporación, da axudicación do SAF á empresa Mayores Servicios Sociales, SL.



A Alcaldesa-Presidenta comunica que tivo contacto coa empresa saínte e entrante e se firmará nos vindeiros días o contrato procedendo a coordinar para que o servizo continúe normalmente.

O Pleno do Concello douse por enerada

5. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidentencia.

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 21-09-2021 con número 914/2021 ata o día 26-10-2021 con número 1041/2021.

O Pleno do Concello douse por enterado.

6. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

7. Rogos e preguntas.

Dna. Raquel Rodríguez manifesta que non vai facer rogos e preguntas.

Dna. Marta Rey roga que se mellore a imaxe do Castro de Barreiras xa que entre outras falta o cordón perimetral e había compromiso do concello de manter a excavación.

Así mesmo pregunta se no lugar de Novelle non se fixo unha das entradas por algún tipo de orde ou cal é a causa de non facerse como para o resto de propietarios.

A Alcaldesa- Presidenta contesta que está dacordo coa preocupación no castro e que se está pendente dunha segunda excavación que se fará durante o curso escolar.

En relación a Novelle comenta que o falará co concelleiro pero que non ten constancia do que se pregunta e en ningún caso nin hai orde nin castigo e agradece que se traslade quen é o veciño afectado para velo.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 09:33 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 29 de outubro de 2021.

A Alcaldesa-Presidenta
Mónica Ródriguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz